

## Canón das Coiteladas

Vertical, continuo, corto e sinuoso. De rocha Cuarcita e Pizarra blanda, aparecendo en algún punto aportes ferruxinosos. E a vertical más visible e emblemática da zona, que se aprecia dende o camiño de aproximación. Inevitable combinación co Canón do **Carballido Intermedio**. Variado no seu percorrido, de nivel técnico medio-alto, con caudal escaso en verán. Desemboca na unión do Carballido Intermedio e Superior.

### Aproximación en coche.

Dende Fogoso do Courel, subida dirección Noroeste, tomando este punto como **km 0** o camiño ascendente dirección Colexio Público de Folgoso do Courel, continuar en ascenso hasta curva pronunciada dirección dereita e seguir camiño dirección **Monte Pía Paxaro** hasta **km 2,5** en onde se aparcará o coche nas proximidades da curva pronunciada a esquerda. Ese punto será o punto equilibrado para ter un cómodo retorno dende os barrancos da zona.

### Acceso .

A pé 30 minutos de subida, (no seu último tramo mais pronunciada) por pista ancha e clara, divisamos a dereita o Canon do Carballido Superior, que se sitúa a nosa dereita, podendo ver de fronte na outra vertente os primeiros rápeles do Canón das Coiteladas. Superado a conca do Carballido superior, continuaremos ata pasar a conca evidente do canón das Coiteladas adentándonos uns mts. mais adiante o barranco por zona clara, e evidente.

### Descenso.

Tras un tramo de destrepes continuos inicia a vertical con 4 rápeles continuos e enlazados, con diversas instalacións auxiliares, como o pasamáns inicial, e o do **R 13** en caso de caudal alto, e a exposición de estos rápeles. Xira o barranco por dúas ocasións e tras pasar o resalte de 2 mts e unha poza que cubre, chegamos o tramo final do canón.

Un tramo horizontal leva a dous fermosos rápeles enlazados que nos deixan en unha pequena cúpula e un xiro cara o último rápel que desemboca no **CARBALLIDO INTERMEDIO**, que por forza debemos realizar. Sumar 2 hrs. mais a este recorrido.

### Materiais:

Neopreno completo / 2 cordas de 25 m / bagas de anclaxe / descendedor.  
Descenso equipado con anclaxes químicos e parabolts con Fixe2

### Tempos:

Aproximación desde Folgoso en coche 5 min. Entrada no río 35 min.  
Descenso 1:30 horas + 2 horas de Carballido Intermedio.  
Escape final 25 min. Necesario solo coche.